



Non seades mentireiras
que vos xa nacestes para enganar
vámonos a Mazaricos,
qu' é ia nosa terra,
bailar e cantar.

/:Túa nai tén píldoras, tén píldoras,
tén píldoras,:/ no corazón,
/:e teu pai compráballas, compráballas,
compráballas:/ a patacón.

Antonio, divino Antonio,
meu rosario de cadena,
/:cando vex' o meu Antonio
vexo a miña casa chea:/
ai la...

“[¿Casadiña de tres días],
quénche levou as cores?”
/: “Levóuchemas o meu home
debaixo dos cobertores”:/

/:Por aquí todas son miñas:/
/:para bailar e cantar-e
vivan as miñas veciñas.:/

/:Heiche de dar e darei:/
/:heiche de dar, querediña,
cousa que nunca che dei.:/

/:Miña soghra que ha de ser-e:/
tén un loureiro na i-horta
que alumía sín arder-e
hache de pasa-la fame
coa gana de comer-e.

Miña nai, miña naiciña,
coma miña nai ningunha
/:que me quentou a cariña
co calorciño da súa:/



Miña nai, miña naiciña,
com'á miña nai non hai outra,
/:que me trouxo nove meses
debaixo da súa roupa:/

/:Manuel, Manueliño:/
/:as palabras que me destes
foron de pouco cariño:/

Hei carballeira!